

ENREDANDO CO GALEGO (CURSO 2025/2026) - IES MURALLA ROMANA

O atardecer

O sol afúndese no mar,
pintando o ceo de laranxa e
amarelo.

A brisa tráeme lembranzas sentindo
unha doce ledicia a medrar.

Valeria Noemí Fuentes Peralta, 4º ESO

Nas murallas vellas de Lugo
o vento fala baixiño,
contando historias de pedra
que nunca perden camiño.

No adarve miro a cidade,
vai latexando tranquila,
coma un corazón antigo
que nunca perde a súa vida.

E cando baixa o solpor,
a luz cai suave na praza,
e sinto que Lugo abraza
coma quen di: “fica na casa”.

Martiño Casanova Lamas, 4º ESO

A vida é un río longo
que corre sen ter présa,
unha corrente mansa
que muda sen dar resposta.
Hai días cheos de luz
que brillan coma estrelas,
e outros nos que a sombra
cai pesada sobre a terra.
Pero sempre volvemos erguer,
coma árbore que se dobra
e non chega a romper nunca,
porque a vida sempre retorna.

Martiño Casanova Lamas, 4º ESO

A lúa

A lúa brila moito
alá no ceo azul.
Eu miro para ela
e digo “hola, lúa”.
Parece unha boliña
que non podo coller.

Nuno Prado Ramos, 4º ESO

O meu triciclo

Teño un triciclo novo,
vai rápido no camiño.
Pedaleo moi forte
e o vento fai “shhhh”.
Gústame ir correndo
coa miña risa detrás.

Nuno Prado Ramos, 4º ESO

O gatiño

O meu gatiño branco
dorme enriba do sofá.
Eu tócolle a patiña
e el fai “miau, miau”.
Logo vén comigo
e xogamos un pouquiño.

Nuno Prado Ramos, 4º ESO

A música

Unha nota voa no aire, leve,
como lembranza que nunca se
esquece.
Cada acorde é un suspiro no
peito,
un eco que o corazón agradece
e a forza que marca o día.
O ritmo baila entre as luces
e sombras,
a voz conta segredos do día.

Valeria Noemí Fuentes Peralta, 4º ESO

Soidade

No silencio camiña a alma,
só con sombras que a
acompañan.

No espello só me atopo a min,
un corazón que late en soidade.

As estrelas falan en segredo,
mais a noite garda a súa verdade.

Valeria Noemí Fuentes Peralta, 4º ESO

O fogar

Na casa non é perfecto,
ás veces hai discusión,
e cada quen leva dentro
a súa opinión.

Non sempre todo encaixa,
nin é fácil convivir,
pero con calma e palabras
case todo pode seguir.

Familia non é a conto,
nin sempre sabe que facer,
máis ao final, co tempo,
cada un tenta entender.

Ao final todos somos familia,
aínda que todos pensamos moi diferente,
todos nos transmitimos alegría,
entre todos temos que ser pacientes.

Sheila García Paz, 4º ESO

A noite escura

A noite escura e brillante,
chea de segredos e estrelas,
un manto escuro elegante,
con pequenas luceciñas doncelas.

As estrelas comezan a falar,
coas luces pequenas no ceo,
e a lúa vénme escoitar,
os segredos que eu gardo.

No alto o vento conta historias,
historias que presenza cada noite,
gardadas na sua memoria,
sen naide que a escoite.

E eu pecho os ollos un momento,
e deixo que me leve a soñar,
viaxando entre os meus sentimentos,
para poder da realidade escapar.

Sheila García Paz, 4º ESO

A viaxe silenciosa

A morte é unha viaxe calma,
que cando o pensas da medo,
un camiño que leva a alma,
a un lugar novo e segredo.
Chega sen ningún ruído,
como sombra no camiño,
leva consigo todo o vivido
e deixa un pequeno destino.
Máis non todo desaparece,

a lembranza segue viva,
nos corazóns que nnunca esquece
e na memoria que nos motiva.
Aprendemos a vivir mellor,
porque a morte é tamén refexión,
sobre o amor e o noso valor
no fondo do noso corazón.

Sheila García Paz, 4º ESO

O xornal

No bar da esquina hai murmullos,
cómpre unha cunca ben quente.
A xente fala en baixiño
mentres pasa o continente
de pensamentos perdidos.
Na mesa queda un xornal
que ninguén remata de ler,
mais trae historias pequenas
que semellan arrecender.

Martín Prados Méndez, 4º ESO

Amencer

No amencer soa o galo,
esperta a casa enteira.
Ponse a ferver o café,
volve a rutina primeira.
Polas rúas vai a xente,
coma un río que camiña.
Cada paso é un novo día,
cada día, unha pequena viña.

Martín Prados Méndez, 4º ESO

Mar de area

En noite de lúa chea
o silencio inunda a area
as lonxitudes son incertas
nas vistas desertas.

Buscando auga te perdes
entre tantos cactus verdes
e velenosas serpentes
refuxiándose das areas quentes.

Adrián Cuevas Malumnbres, 4º ESO

O MEU LUGAR SEGURO I

Sempre terei esa rabia de saber que me facían esas cousas e non me inmutaba , non sei en quemomento tiven tan pouca dignidade, pero é verdade, tiña moito medo, eles eran os supostos populares do cole. Medramos, todos tiñamos 14 anos, estábamos en terceiro da ESO, eu aprendín a defenderme, meus pais leváronme a un psicólogo, a miña psicóloga chamábase Claudia foi a única persoa que me transmitiu suficiente confianza como para contarlle o que me pasaba. Ensínoume que non podía quedar calada cando estaban tratándome dese xeito.

Nese ano a miña irmá pequena estaba en primaria , eu tiña medo de que pasara polo mesmo ca min; pero era o contrario, esa pequena sabía defenderse de todos e non só a si mesma se non que tamén aos demais, compareime con ela. Tendo esa idade lémbrome de Pedro o cal cambiouse de cole polos acosos que sufría, era dos poucos cos que eu pasaba tempo e por culpa do bullying tivo unha infancia moi triste, os seus pais non lle facían caso dicían que o acoso era unha parvada e que se fose o suficientemente home defenderíase, pero iso non é así. Non hai que ser nin muller nin home para poder defenderse, tiñas que ser valente .

Lembrome de que cando ia en terceiro da ESO tiña un compañeiro, Aron, todos ríanse del, eu intentaba incluílo nas clases, nos traballos para que non se sentira só, pero el non me contaba a súa situación, estivo unha semana sin vir a clase e un 26 de febreiro contáronos que o noso compañeiro Aron se quitara a vida. Quede impactada, como era posible que fixera iso, pois pensei que intentando axudalo melloraría, pero non era o caso. Antes de quitarse a vida deixou unha carta.

Salma El Jaidi Haddak, 4º ESO

O MEU LUGAR SEGURO II

Doíame moito pensar que esa carta era o ultimo que fixo Aron antes de quitarse a vida, contou o ocorrido, que sufría acoso escolar todos pensaron que estaba tolo ou cousas do estilo pero non é así precisaba axuda e único que facían era empeoralo.

Dende o instituto non se fixo nada, non buscaron ningunha solución. Os acosadores seguían sen ter consecuencias polos seus actos. Isto é unha cousa moi común, o acoso; por iso espero que se atopan o meu diario fagan algo polas persoas que o sufrimos. Ninguén merece pasar por iso nin moito menos.

Tamén hai que saber que se ves un caso de acoso e non fas nada para paralo estás participando, entendo que hai quen non o fai por medo pero sempre temos que intentar poñer límites as cousas porque poden poñerse peor, o acoso comeza de a pouco e vai aumentando o cal é moi triste. Triste porque o acosado sofre e porque os acosadores precisan acosalo para sentirse ben.

Salma El Jaidi Haddak, 4º ESO

BRAT

Brat ensinoume a ser eu,
sen mirar atrás nin pedir permiso.
A vivir o momento,
a calar o ruído alleo
e a escoitar o meu.

A moda fíxose lingua,
conta a historia que non dicía.
Xa non é só o que vestía,
agora resume unha vida.

Ser amable sen dobrarme,
poñer límites con calma,
ser libre sen ferir.
Porque Brat significou atoparme,
abrir os ollos coa alma
e recoñecerme ao fluir.

Eric Bedoya Neira, 4º ESO

Que aprendín delas

De Charli XCX e Ice spice
aprendín que a actitude é un golpe preciso,
a ser libre sen medo
e a ser eu sen aviso.

De Lady Gaga e Billie Eilish
aprendín a ser raro con orgullo,
a non deixar que o silencio
sexa só un murmurlo.

De Blackpink e Tyla
aprendín que o poder leva elegancia,
que o rosa tamén corta,
que o corpo canta con constancia.

Eric Bedoya Neira, 4º ESO